

PEZA DO MES

maio

2021



**O ESFEROIDE PERFORADO DO VALIÑO
(CARTELLE, OURENSE)**

O esferoide perforado do Valiño (Cartelle, Ourense)

A peza foi depositada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense por Eladio Martínez Estévez e procedía, segundo el, dun túmulo da paraxe do Valiño (Terzas, Cartelle, Ourense). Puidemos comprobar que o monumento estaba moi desfeito. Só conservaba o inicio da masa tumular no leste e suroeste. Nas zonas removidas observamos laxes de xisto con menos de 50 cm de lonxitude e 35-40 cm de largura. Os perfís delataban un amontoamento de terra arxilosa mesturado con grava miúda de cuarzo e láminas de lousa.

As coordenadas sobre o MTN 225 («Ribadavia», 1ª edición, 1943) son 4° 20' 52" lonx. W; 42° 15' 30" lat. N, con referencia ao meridiano de Madrid. Unha vez xeorrectificada a folla co programa Qgis, obtivemos as coordenadas UTM no datum ETRS89, con valores aproximados de 579680X, 4679780Y. O Valiño emprázase nunha penechira da divisoria entre o Miño e o Arnoia, cunha altitude de 385 m. Na contorna existen outros megálitos, sempre que o do Valiño o incluamos entre estes xacementos arqueolóxicos. Os máis próximos, aproximadamente entre 1,5 e 3 km, son a Mota de Serra, a Mota do Areal, a mámoa de Alto das Furnias, os M1 e M2 de Baldariz e os M1, M2 e M3 do Vedado do Roxón.

O esferoide

- Forma xeral: globular aplanada.
- Perforación: bitroncocónica, con aplicación de trade de arco nas dúas faces.
- Material: anfíbolita, con asociación de pirita. Agradecemos ao profesor J.R. Seara Valero a análise petrolóxica e a información sobre as zonas con anfíbolita no noroeste: macizos de Coruña-Ortega, Santiago, Lalín-Forcaei, Morais e Bragança.
- Técnica: pulimento moi coidado, actualmente bastante deteriorado, completo e simple, porque non modifica a forma xeral da peza.
- Diámetro maior: 77 mm; diámetro máx. da perforación: 34 mm; diámetro mín. da perforación: 21 mm.

A cuestión da súa funcionalidade

Os artefactos pulimentados perforados, especialmente mazas e dobres sacholas ou

dobres machadas, son escasos nos túmulos megalíticos, non só no noroeste. O do Valiño, con forma globular, superficie lisa e sen adornos, é excepcional en Galicia. Puido ter un uso xa revelado por investigadores, como G. Cordier ou R. Fábregas. Este, nun estudo sobre instrumentos perforados, apunta a posibilidade de que algúns fosen pesos de bastón de cavar (digging-stick), e non mazas de combate, que define «...por su acabada manufactura y la frecuente presencia de adornos». Cremos que eses elementos engadidos incrementarían a súa contundencia.

Podemos atopar exemplos de uso como pesas de bastóns de cavar en publicacións etnoarqueolóxicas, como nas pinturas rupestres de Tigerhock-Spruit. Alí, un grupo de mulleres bosquimanas porta e utiliza estes instrumentos, segundo propuxera M. Vázquez Seijas na década de 1940. Segundo F. Jordá e J. Alcacer «Dichos esferoides enmangados a largos palos servían de azadas-layas». «La piedra actuaba de peso para facilitar la perforación...» no esferoide perforado achado na cova da Sarsa, como tamén propuxera San Valero.

Pero as características da peza dificultan o sustento das dúas hipóteses (maza de combate/peso de bastón de cavar). As reducidas dimensións da perforación central, 21 mm, parecen denotar un problema de resistencia do sistema para mangar ante calquera dos dous usos. Pero quizais sería compatible co dun cetro ritual.

Algunhas escenas das pinturas rupestres levantinas, tampouco sustentan a asociación cos digging-stick, como tamén propuxera o propio F. Jordá na década de 1970. Nelas o bastón de cavar nunca vai acompañado do esferoide. Só se aprecia o bastón «...que podría ser un primitivo instrumento de remoción del suelo», aparecendo na «danza ritual agrícola» da cova de Dos Aguas (Valencia), desprovisto de tal esferoide.

Outra escena, Cingle de Mola Remigia, (Castelló) representa, segundo Ripoll, un bruxo disfrazado de touro e un danzante ao redor del. Este parece portar uns obxectos que se interpretan como bastóns de cavar mentres practica unha danza ritual. O danzante seméllase á referida figura de Dos Aguas, e os posibles bastóns de cavar tampouco teñen esferoides, como ningunha das pinturas levantinas.

Cronoloxía

Polo achado casual da peza carecemos de atributos contextuais, agás a procedencia dun túmulo. Así, volvemos a mirada cara aos elementos perforados dos megálitos galegos onde aparecen nun contexto

tardío, no seu día denominado «Horizonte Rechaba» por J.M. Vázquez Varela e «Monte Campelos» por A.A. Rodríguez Casal. Aínda que tal horizonte debe ser matizado, deberíamos incluír o esferoide do Valiño na etapa final do megalitismo ou nunha fase epimegalítica, seica xa serodía, sustentada en enxovais con mazas, outros útiles pulimentados perforados achados en cistas megalíticas e noutras estruturas baixo túmulos. Galicia conta con numerosos útiles perforados que, a diferenza do do Valiño, se distribúen ao norte e oeste da dorsal galaica e do Sil, cunha relativa abundancia fronte ao resto da Península. Incluso o estudo petrolóxico da peza asturiana de Marabiu (a «machada de Teverga») amosa a procedencia da zona de Touro (A Coruña), segundo sostían M.A. de Blas e L. Guillermo Corretgé no ano 2001.

En Galicia as mazas perforadas distribúense da forma seguinte: a triangular do Museo Diocesano de Lugo procede de terras de Chantada (Lugo). Dun túmulo de Trabancos, en Agolada (Pontevedra), provén outra bitroncocónica, hoxe en paradiro descoñecido. O túmulo de Mariñaos, en Vilalba (Lugo), contiña tres bitroncocónicas. O catalogado como nº 229 das Pontes (A Coruña), cunha cista rectangular, ofreceu unha trilobulada. Ademais, no túmulo de Rechaba, en Tordoia (A Coruña), con estrutura interior descoñecida, foi achada unha piriforme. Especialmente interesante é o desaparecido túmulo de Pago da Matela (contorna de Roza de Afóra), en Outeiro de Rei (Lugo). Ata o de agora as publicacións referían unha arquitectura megalítica descoñecida coas que relacionaban, entre outros elementos, tres toneliformes e unha triangular.

Pero existen escavacións máis recentes no Pago da Matela, do ano 2014, e no Túmulo 1 dos Ecurros (Silleda), de 2009. Segundo P. Vázquez Liz (t) en Roza de Afóra-Pago da Matela, onde se engade unha nova maza toneliforme ao enxoval xa coñecido «...ponse de manifesto a innegable vinculación entre as pezas líticas e a estrutura pétreo identificada [un gran megálito] grazas a intervención» e que, citando a Nonat, L., P. Vázquez Liz e P. Prieto «...o depósito lítico do ano 1969 [refírese ao coñecido e citado enxoval de Pago da Matela], poderíamolo considerar como a expresión material da reutilización dun monumento megalítico precedente, concepto que alude á «apropiación material e/ou simbólica dun espazo concreto dunha arquitectura funeraria anterior»».

No Túmulo 1 dos Ecurros, publicado por A. Parga Castro e M.P. Prieto Martínez, foi exhumada unha dobre azuela perforada de tendencia triangular alongada xunto con outros elementos.

O monumento, que experimentou unha importante reforma na súa vida útil tiña, en distintas momentos, unha laxa central disposta horizontalmente e unha estrutura cistoide pseudorectangular. Aínda que as datacións obtidas son moi antigas, a máis coherente co monumento, aínda que problemática en palabras dos investigadores, é a procedente da masa tumular. En función do anterior propoñen unha cronoloxía do Neolítico Final e da primeira metade do IIIº milenio.

Sen entrar en detalles, outras pezas morfoloxicamente similares localízanse no centro-sur de Portugal (Vila Nova de São Pedro, en Oeiras ou na gruta de Ponte da Lage), en momentos tardíos/serodios do megalitismo. Pero tamén na gruta do Escoural, asociada dalgunha forma con cerámica cardial nunha inhumación en fosa. A Europa ultrapirenaica ten densidade pouco uniforme, incrementándose en sentido sur-norte. Cordier non as estuda por si mesmas, senón paralelizándoas con outros artefactos asociados (machadas-martelo, bipennes ou cinceis). Na prehistoria nórdica a densidade incrementase. A asociación de elementos globulares, discoides e agallonados aparecen desde o Neolítico, xeneralizándose (como en Galicia?) coa decadencia do enterramento colectivo, na transición Neolítico Final- Calcolítico-Bronce-Inicial. A representación continúa con maior densidade polo norte, alcanzando o cumio na Europa nórdica, con numerosos elementos globulares e discoides, atopados en megálitos de corredor. O sector máis importante é o megalítico danés.

Como vemos, son poucos os datos para propoñer unha cronoloxía sólida. Se incluímos o esferoide do Valiño no grupo dos que antes citamos en Galicia, asociaríase con momentos propios do Megalítico Final. Como dicíamos noutra ocasión, a modo de hipótese, poderíamos considerar o seguinte:

– Neste momento parece que estes útiles comezan a manifestarse na Fase Final do megalitismo galego, comprendida aproximadamente entre o 3500 e o 3000/2800 AC.

– Polo momento tamén parece constatarase que este tipo de pezas deixan de aparecer nas cistas sen túmulo, fosas e sepulturas planas a partir do Bronce Antigo.

Por estas razóns situaríamos o esferoide perforado do Valiño nun período non anterior a finais do IVº milenio AC e non posterior aos inicios do IIº.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: José María Eguileta Franco


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA